

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás necesidades urxentes recollidas na Memoria da actividade dos tribunais e xulgados de Galicia no ano 2014.

### Exposición de motivos

A publicación da Memoria da actividade dos tribunais e xulgados de Galicia do ano 2014 contén unha serie de reflexións críticas e necesidades urxentes para a administración de xustiza galega que o goberno da Xunta debería facer súas para colmalas no ámbito das súas competencias e para incorporar como demandas na súa relación co ministerio de xustiza.

Atopámonos no trámite, ben que electoralista, do vindeiros orzamentos xerais do Estado e polo tanto este é o intre para conquistar eses compromisos por parte do goberno central.

Como recolle a Memoria, en outubro do 2014, a xuntanza celebrada na Coruña dos presidentes dos tribunais superiores de xustiza afirmou: *“Hoy, más que nunca, la Justicia es un factor clave para la regeneración de la democracia y del sistema de convivencia, afectado por el desaliento cívico y la desconfianza hacia las instituciones, derivada de la existencia de graves casos de corrupción”*. Para concluír noutro parágrafo que os profesionais e traballadores e traballadoras da administración de xustiza, *“(…)siguen trabajando en un contexto de leyes inadecuadas y de graves deficiencias organizativas y tecnológicas, que perjudican la eficacia y efectividad de la función judicial...”*.

Das necesidades urxentes a Memoria recolle que se invertiu a tendencia deste anos e alomenos creáronse varias prazas. Mais se sigue a considerar necesaria a creación do seguintes novos órganos xudiciais:

- 1 praza Sala Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 1 xulgado do Social na Coruña.
- 1 xulgado do mercantil na Coruña.
- 1 praza para a Sección VI da Audiencia Provincial, con sede en Vigo.
- 1 xulgado especializado en dereito de familia en Vigo.
- 1 xulgado do Social en Vigo.
- 1 praza na Sección I, con competencia civil, da Audiencia Porvincial de Lugo.
- 1 xulgado de primeira instancia especializado en dereito de familia en Ferrol.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a demandar do goberno central a creación dos novos órganos xudiciais que a Memoria da actividade dos tribunais e xulgados de Galicia no ano 2014 considera como necesidades urxentes.

En Compostela, a 2 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 02/09/2015 13:27:02**